

Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo

Limiar	2
A Comisión de Internacionalización Lingüística	4
Obxectivos	5
Eixe 1. Capacitación e aprendizaxe de linguas estranxeiras	8
Requisitos de saída no grao e mestrado	8
Requisitos de entrada nos programas de intercambio.....	10
A acreditación de competencias en linguas estranxeiras.....	11
Eixe 2. Docencia universitaria en linguas estranxeiras	12
Accións de capacitación do profesorado para a docencia en inglés	13
Acreditación do profesorado para a docencia en inglés.....	14
A implantación de materias en inglés	15
Recoñecemento e incentivos vinculados á docencia en inglés	16
Captación de persoal docente estranxeiro para a docencia temporal noutras linguas	17
Eixe 3. As linguas estranxeiras na investigación e a transferencia do coñecemento	18
Eixe 4. As linguas estranxeiras na administración	19
Eixe 5. A comunicación interna e externa	20
Seguimento, desenvolvemento e avaliación do plan	21

Limiar

Coa implantación do espazo europeo de educación superior no noso sistema universitario, vén de cobrar unha especial relevancia o ensino e aprendizaxe en linguas estranxeiras, xa que entre os compromisos adquiridos polos países participantes se atopa o fomento da mobilidade internacional de profesorado, estudantado e persoal de administración e servizos; o desenvolvemento de titulacións internacionais dobres e conxuntas; e a creación dun espazo europeo de investigación. Porén, a necesidade de mellorar os niveis de competencia lingüística dos membros da comunidade universitaria convértese nunha aposta estratéxica de calquera institución de educación superior que tente acadar un papel relevante no contexto internacional.

O desenvolvemento de competencias lingüísticas internacionais está relacionado coa noción de plurilingüismo como se describe no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL). Este documento, ademais de ser o eixe central de articulación dunha política lingüística europea segundo os parámetros establecidos polo Consello de Europa, tenta unificar as directrices de ensino/aprendizaxe de linguas estranxeiras en toda Europa e o establecemento duns niveis de referencia comúns. Hai que ter en conta que estas competencias implican non só a comunicación noutras linguas, mais tamén a interacción en situacións sociais noutras linguas diferentes da lingua ou linguas propias. Á parte do seu papel como facilitador da comunicación nun contexto internacional, o plurilingüismo facilita combinar e transferir competencias lingüísticas e culturais dun lugar do mundo a outro diferente, dunha lingua a outra. Polo tanto, o plurilingüismo proporciona uns alicerces sólidos para a comprensión da diversidade no uso da linguaxe e, como consecuencia, da diversidade cultural.

A Universidade de Vigo incluíu no seu plan estratéxico 2008/12 o fomento do plurilingüismo dentro das súas liñas estratéxicas, asociada á meta estratéxica de acadar unha universidade que consolida a súa proxección internacional. Esta liña ten como obxectivos principais incrementar o número de estudantes estranxeiros recibidos na nosa universidade mediante a potenciación do plurilingüismo; promover o coñecemento e uso de idiomas por parte da comunidade universitaria; incrementar o número de materias impartidas noutras linguas; e mellorar a oferta de información plurilingüe da Universidade de Vigo. A estas iniciativas súmanse outras accións no citado plan que requiren dunha actitude proactiva por parte da universidade no tocante á capacitación plurilingüe, como as dirixidas a mellorar a capacidade docente do

profesorado ou as que teñen como obxectivo potenciar a mobilidade do persoal docente investigador, o estudiantado, e o persoal de administración e servizos. Esta liña estratéxica reflíctese tamén no Plan de internacionalización 2010–2014 da Universidade de Vigo, dentro do Programa de internacionalización da actividade académica. As súas misións inclúen a de colaborar con outros axentes na Universidade de Vigo, nomeadamente as vicerreitorías con competencias en organización académica, profesorado, titulacións, alumnado, docencia e calidade, cara á implantación dunha oferta académica de carácter internacional, a través de titulacións dobres e conxuntas e a través da docencia noutras linguas en determinadas materias e titulacións da súa oferta académica regrada.

A política de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo ten que ser unha iniciativa en que participe toda a comunidade universitaria, é dicir, ten que ser determinada polo noso estudiantado, persoal docente e investigador e persoal de administración de servizos, participando na súa definición directamente e a través dos seus órganos de representación. Deste xeito, garantírase a súa permanencia no tempo nun contexto continuamente cambiante. Para iso, defínese o presente Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo co obxectivo de dotar a comunidade universitaria das competencias plurilingües e pluriculturais que se precisan para responder con eficacia aos retos dunha sociedade globalizada e culturalmente diversa; e créase a Comisión de Internacionalización Lingüística como o instrumento de participación e debate para promover a implantación das distintas iniciativas recollidas nel e establecer os obxectivos da institución en materia de internacionalización lingüística.

As iniciativas necesarias para acadar os obxectivos do Plan de internacionalización lingüística artéllanse arredor de cinco eixes. O primeiro deles recolle as distintas accións, programas e iniciativas dirixidos á aprendizaxe de linguas estranxeiras e á capacitación lingüística da comunidade universitaria. O segundo vai dirixido a establecer unha estratexia para implantar a docencia universitaria en linguas estranxeiras, co obxecto de ofrecer materias e programas multilingües para beneficio tanto do estudiantado local como do estudiantado estranxeiro. O terceiro e cuarto eixes inclúen respectivamente o desenvolvemento das competencias lingüísticas nos eidos da investigación e da administración universitaria. Finalmente, o quinto eixe considera o plurilingüismo no eido da comunicación universitaria, interna e externa.

O presente plan presenta accións, recomendacións e programas destinados a todos os colectivos que compoñen a comunidade universitaria. Unha vez que o aprobe o Consello de Goberno, o plan e as iniciativas que recolle difundiranse a través dos medios habituais para acadar o máximo coñecemento posible e a máxima implicación de todos os membros da nosa comunidade.

A Comisión de Internacionalización Lingüística

A Comisión de Internacionalización Lingüística da Universidade de Vigo ten a tarefa de promover a posta en práctica das accións desenvolvidas no plan e facer un seguimento continuado da súa evolución, así como da súa contribución á consecución dos obxectivos estratéxicos expostos no presente documento.

A Comisión de Internacionalización Lingüística estará composta por:

- O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en relacións internacionais, que actuará como presidente ou presidenta.
- A directora ou director da Área de Linguas da Universidade de Vigo, que actuará como secretaria ou secretario.
- Cinco membros do profesorado, que representen na medida do posible todos os ámbitos científicos e campus, e garantan a presenza de profesorado ou persoal investigador non pertencentes ao sector de profesorado funcionario doutor.
- Dous ou dúas estudantes.
- Un membro do persoal de administración e servizos.

Os membros electos da Comisión de Internacionalización Lingüística serán elixidos polo Consello de Goberno, por proposta dos seus e das súas representantes, por un período de catro anos. No caso de que se produzan vacantes, cubriranse mediante unha nova elección.

As competencias desta comisión son:

- a) Participar na definición da política de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo, establecendo formulacións xerais, e o seu alcance e obxectivos, e dos mecanismos para poñela en práctica.
- b) Estudar de xeito permanente as necesidades e as carencias en materia de internacionalización lingüística dos diversos colectivos que conforman a comunidade universitaria.

- c) Analizar as propostas, observacións ou inquiredanzas que en materia de internacionalización lingüística poida expor calquera membro da comunidade universitaria.
- d) Propor as medidas máis adecuadas a cada situación e a cada colectivo para incrementar os niveis de competencia en linguas estranxeiras de todos os ámbitos da vida universitaria.
- e) Impulsar a adopción de medidas ou a creación e consolidación de estruturas de apoio, que soporten a implantación e o reforzo, de ser o caso, das actuacións que se leven a termo en materia de internacionalización lingüística.
- f) Elaborar e elevarlles os informes aos órganos de goberno que así o requiran sobre a aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre internacionalización lingüística.
- g) Desenvolver o Plan de internacionalización lingüística.

Obxectivos

O obxectivo xeral do Plan de internacionalización lingüística é o de promover a competencia en linguas estranxeiras da comunidade universitaria como un elemento fundamental da política europea de educación superior. Para iso, o plan estrutúrase de xeito que:

- Teña en conta a situación actual da nosa institución no tocante á competencia en linguas estranxeiras e ás necesidades dos membros da comunidade universitaria.
- Promova de xeito proactivo o plurilingüismo e o multilingüismo institucional.
- Garanta o acceso á aprendizaxe de linguas estranxeiras, en colaboración co Centro de Linguas.
- Anime as e os falantes nativos doutras linguas, agás o galego e o castelán, ao uso da súa lingua nai, sen prexuízo do coñecemento das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galicia e da Universidade de Vigo.
- Impulse a diversidade lingüística e cultural e a toma de consciencia sobre elas por parte de todos os membros da comunidade universitaria.
- Facilite a mobilidade do estudantado, o persoal docente e investigador, e o persoal de administración e servizos.
- Fomente a aprendizaxe de linguas estranxeiras ao longo de toda a vida.

Segundo se establece na Declaración de Nancy, feita pública polo Consello de Europa no ano 2006, as universidades deben desenvolver as políticas axeitadas para permitir que todas as persoas tituladas universitarias europeas:

- Sexan capaces de comunicarse en polo menos dous idiomas, ademais da súa ou as súas linguas propias.
- Saiban como mellorar os seus coñecementos lingüísticos.
- Teñan confianza e estean instruídos en como aprender unha nova lingua cando xurda a necesidade ou a ocasión.
- Adquiran experiencia de primeira man traballando e aprendendo noutros países, e colaborando con eles.
- Poidan familiarizarse con outras culturas e adquirir destrezas interculturais.

En consecuencia, defínense as seguintes liñas de actuación prioritaria no ámbito do ensino superior universitario:

- L1. Definir para as titulacións universitarias e as súas materias tanto os requisitos de acceso como os resultados da aprendizaxe, tendo en conta os aspectos vinculados ás competencias lingüísticas.
- L2. Incorporar itinerarios e ofertas de idiomas á cultura universitaria de calidade, e incluílos nas avaliacións de calidade internas e externas.
- L3. Pór especial empeño no desenvolvemento profesional do persoal docente e investigador universitario e do persoal de administración e servizos en materia de internacionalización lingüística.
- L4. Apoiar novas contornas de aprendizaxe para o desenvolvemento de competencias en linguas estranxeiras, en que desempeñan un papel crucial a integración das tecnoloxías da información e as comunicacións, así como de dispositivos multimedia.
- L5. Desenvolver metodoloxías específicas para a docencia e a aprendizaxe en polo menos unha lingua estranxeira.
- L6. Adoptar itinerarios multilingües nos programas internacionais.

De acordo con estes obxectivos, establécense no Plan de internacionalización lingüística os seguintes eixes de actuación:

- E1. *Capacitación e aprendizaxe de linguas estranxeiras.* A Universidade debe adaptarse ás cambiantes circunstancias lingüísticas, ao clima social e político, para estimular a

movibilidade e a empregabilidade de acordo coa reforma de Boloña. Para iso, debe establecer os idiomas estranxeiros que cómpre fomentar entre o estudiantado, así como o nivel de competencias que se adquirirá; o nivel de competencia desexado para participar en programas de movibilidade; o nivel de coñecemento mínimo da lingua de docencia que deben ter os nosos e as nosas visitantes internacionais; e as infraestruturas e servizos dispoñibles para acadar os citados niveis.

- E2. *Docencia universitaria en linguas estranxeiras.* O idioma de docencia ten un impacto relevante nos resultados do proceso de aprendizaxe, xa que este contribúe de xeito determinante ao desenvolvemento cognitivo e cultural do estudiantado. Para iso, a universidade debe establecer un modelo que integre a impartición de materias e mesmo programas de estudos completos noutras linguas para garantir a calidade integral destes programas e a capacitación do profesorado que os imparte, así como as infraestruturas e servizos de soporte para facilitar a implantación destas materias e programas.
- E3. *As linguas estranxeiras na investigación e a transferencia do coñecemento.* Os futuros tecnólogos, tecnólogas, investigadores e investigadoras deben estar preparados para afrontar situacións profesionais multilingües, polo que a universidade debe dar os pasos necesarios para garantir as súas competencias en linguas estranxeiras, tendo en conta a participación en redes e consorcios internacionais. Asemade, a universidade debe proporcionar os servizos e infraestruturas para acadar a devandita competencia.
- E4. *As linguas estranxeiras na administración.* O crecente grao de internacionalización da Universidade de Vigo, tanto na docencia como na investigación, fai necesario un axeitado grao de plurilingüismo no seu persoal de administración e servizos. A universidade debe garantir o plurilinguismo na administración universitaria e proporcionar os servizos e infraestruturas necesarios para acadalo.
- E5. *A comunicación interna e externa.* A identidade corporativa tamén está determinada polo uso que se fai das linguas, tanto propias como estranxeiras, dentro da institución. O estudiantado, o persoal docente e investigador, e o persoal de administración e servizos estranxeiros, tanto os que desenvolven as súas actividades de estudo, traballo, docencia ou investigación na nosa universidade como os que por calquera razón se interesen pola nosa oferta académica, deben ter acceso a unha información accesible e axeitada. Por iso, débese garantir a cantidade e calidade da información sobre e da institución dispoñible noutras

linguas. Unha atención lingüística de calidade é un instrumento necesario para garantir o impacto de calquera acción de comunicación externa.

A táboa seguinte ilustra a relación entre as liñas prioritarias recollidas na Declaración de Nancy e os eixes de actuación recollidos neste plan; é dicir, a cobertura que os eixes de actuación definidos no presente documento proporcionan ás devanditas liñas prioritarias:

	E1	E2	E3	E4	E5
L1	✓				
L2		✓			✓
L3		✓	✓	✓	
L4		✓			✓
L5	✓				
L6		✓			✓

Eixe 1. Capacitación e aprendizaxe de linguas estranxeiras

Dentro deste eixe artéllanse medidas e recomendacións para fomentar o desenvolvemento de competencias en linguas estranxeiras no noso estudiantado, os obxectivos en canto á citada capacitación e os instrumentos para acadalos. Con iso preténdese que os nosos egresados e egresadas poidan acadar unhas competencias mínimas en como menos unha lingua estranxeira que facilite a súa inserción profesional.

Estas medidas e recomendacións baséanse nos aspectos seguintes:

- Requisitos de saída en canto a linguas estranxeiras para o estudiantado de grao e mestrado.
- Requisitos de entrada para a participación en programas de intercambio.
- Directrices para a acreditación da competencia en linguas estranxeiras dos membros da comunidade universitaria.

Requisitos de saída no grao e mestrado

Neste apartado propóñense recomendacións en canto a niveis obxectivo de competencia en linguas estranxeiras dos egresados e egresadas de grao e mestrado, e identifícanse instrumentos para acadar o citado obxectivo.

En canto ao nivel obxectivo de saída, establécese como recomendación que os e as estudantes de grao e mestrado deberán estar en condicións de acreditar unha competencia lingüística en polo menos unha lingua estranxeira de nivel B2 do Marco europeo de referencia para as linguas. Este nivel adquirese cando os membros do estudantado son quen de entender as ideas principais de textos complexos que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, sempre que estean dentro do campo de especialización dos estudos que están a desenvolver. Asemade, poderán relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade, de modo que a comunicación se faga sen esforzo por parte de ningún dos interlocutores e interlocutoras. Finalmente, os nosos egresados e egresadas poderán producir textos claros e detallados sobre temas diversos, así como defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os pros e os contras das distintas opcións.

Identifícanse os seguintes instrumentos para acadar este obxectivo:

- A oferta formativa do Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo establecerá, a través da súa Área de Linguas, as características dos cursos impartidos polo devandito centro de xeito que se poida garantir unha oferta formativa accesible para o noso estudantado axeitada para acadar o nivel recomendado durante os seus estudos. A Universidade de Vigo velará para que a formación impartida polo Centro de Linguas estea acreditada segundo os estándares definidos pola Asociación de Centros de Linguas do Ensino Superior (ACLES).
- A impartición de materias en linguas estranxeiras. Fomentarase a impartición de grupos en linguas estranxeiras nas materias das titulacións oficiais, prioritariamente en inglés, de acordo cos recursos dispoñibles nas citadas titulacións.
- Recoñecemento da formación en linguas estranxeiras ao longo dos estudos. Consideraranse de xeito específico como créditos por actividades en titulacións de grao os cursos de idiomas estranxeiros realizados polo estudantado da Universidade de Vigo, nas condicións que estableza a normativa correspondente.
- Participación do estudantado en programas de mobilidade internacional. Fomentarase entre o estudantado a realización de polo menos un cuadrimestre nunha universidade estranxeira e/ou a realización de prácticas en empresas e institucións doutros países, garantindo en todos os casos o recoñecemento

completo das materias superadas de acordo co recollido nos correspondentes contratos de estudos ou da formación práctica desenvolvida. Promoverase a implantación de titulacións dobres e conxuntas cos nosos parceiros internacionais de referencia.

A priorización do inglés como lingua docente establécese, no momento de redactar o presente documento, tendo en conta a situación internacional do ensino superior e a función do inglés como lingua franca. Non obstante, a Universidade de Vigo poderá establecer outra ou outras linguas prioritarias en función dos seus intereses en cada momento, por proposta da Comisión de Internacionalización Lingüística.

Requisitos de entrada nos programas de intercambio

Para garantir un aproveitamento efectivo dos períodos de mobilidade internacional é necesario dispoñer das competencias lingüísticas necesarias para integrarse de xeito adecuado no contorno académico e social da institución receptora. Neste eido, fanse as seguintes recomendacións:

- Para poder participar nos programas de intercambio, os membros do estudantado deberán acadar como mínimo o nivel B1 do MCERL na lingua do país de destino ou, no seu defecto, en inglés. O citado nivel garante que o estudantado sexa capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar se tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer; cando sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe por zonas onde se utiliza a lingua; cando é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal; e cando pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans. A Universidade de Vigo establecerá, a través da vicerreitoría con competencias en relacións internacionais e en colaboración cos centros, os requisitos específicos en materia lingüística para as distintas prazas ofertadas a través dos programas de intercambio e acordos bilaterais de mobilidade.
- A Universidade de Vigo establecerá, a través da vicerreitoría con competencias en relacións internacionais e en colaboración co Centro de Linguas, o protocolo

de acreditación das competencias lingüísticas dos membros da comunidade universitaria que participan en programas de intercambio.

- A Universidade de Vigo, en colaboración co Centro de Linguas, velará porque o estudiantado estranxeiro participante nos programas de mobilidade teña o soporte lingüístico necesario, adecuado á súa situación, con cursos e horarios axeitados. Os cursos intensivos ou outras accións formativas no eido das linguas dirixidas ó estudiantado estranxeiro definiranse de acordo cos modelos ECTS en canto a asignación de créditos, e MCERL no que se refire aos niveis e competencias desenvolvidas. Subvencionaranse ditos cursos nun contexto de reciprocidade con outras institucións participantes nos programas de mobilidade.

A acreditación de competencias en linguas estranxeiras

Segundo o acordo do consello de goberno celebrado o 21 de decembro de 2012, a Universidade de Vigo recoñecerá as seguintes acreditacións dos niveis en linguas estranxeiras recollidos no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCRL):

- As emitidas pola Universidade de Vigo correspondentes ás probas de acreditación realizadas polo Centro de Linguas.
- As emitidas por centros de linguas ou equivalentes no resto do sistema universitario español, debidamente acreditadas pola Asociación de Centros de Linguas de Ensinanza Superior (ACLES), ao abeiro do acordo da asemblea xeral da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas do 8 de setembro de 2012.
- As que figuren en cada momento na táboa oficial de equivalencias publicada pola ACLES.
- Outras recoñecidas pola Universidade de Vigo en función de convenios específicos de recoñecemento asinados coas institucións ou organismos que as emitan.

O Centro de Linguas implantará, baixo a supervisión da Área de Linguas da Universidade de Vigo, un programa formativo que lles facilite a todos os membros da comunidade universitaria o acceso a unha formación en linguas estranxeiras de calidade e convenientemente acreditada de acordo cos estándares internacionais. Do mesmo

xeito, organizará procedementos de acreditación de competencias lingüísticas ao abeiro do MCERL abertos a todos os membros da comunidade universitaria, de xeito que se facilite a acreditación das devanditas competencias. A Universidade de Vigo velará para que os membros da comunidade universitaria poidan acceder a estas iniciativas nas condicións económicas máis favorables posibles.

Eixe 2. Docencia universitaria en linguas estranxeiras

Este eixe recolle unha serie de actuacións dirixidas a acadar unha oferta académica impartida en linguas estranxeiras, nomeadamente en inglés. O mercado de traballo pasou a converterse nunha idea global, e no momento de redactar este plan unha das ferramentas imprescindibles na comunicación internacional, e que facilita de xeito determinante atopar un emprego de calidade, tanto na nosa contorna máis próxima como no estranxeiro, é o idioma inglés.

Nos últimos anos tamén se incrementou a mobilidade tanto de estudantes como de persoas traballadoras. Hoxe en día, son moitos os egresados e egresadas que queren completar os seus estudos en universidades estranxeiras ou teñen en mente buscar un primeiro emprego noutros países tras culminar a súa etapa universitaria. Para iso, non basta só cun coñecemento xeral do idioma inglés, senón que cada vez se fai máis necesario dominar todos os xiros lingüísticos correspondentes ao desenvolvemento dunha determinada profesión ou ámbito de coñecemento.

A docencia universitaria en linguas estranxeiras e as titulacións bilingües, nomeadamente en inglés, proporcionan unha magnífica oportunidade para os nosos egresados e egresadas e unha excelente ferramenta para o seu futuro laboral. Por iso, a Universidade de Vigo, nun intento de avanzar en paralelo á realidade social, debe completar a súa oferta de mobilidade académica internacional cunha oferta de materias e mesmo de titulacións impartidas en inglés. Esta visión vese reforzada pola implantación do espazo europeo de educación superior (EEES), que leva consigo un reforzo das políticas educativas bilingües.

Por outra banda, en numerosas conversas levadas a cabo cos nosos socios internacionais, e posibles socios tentativos nos cinco continentes, de maneira reiterada cítanse como as

razóns principais para establecer colaboracións ou incrementar as existentes a dispoñibilidade dunha oferta académica en inglés e a posibilidade de definir dobres titulacións internacionais. Por exemplo, nestes momentos, resulta extremadamente complicado chegar a acordos académicos con institucións no Top 500 da clasificación de Shanghai sen ter oferta de docencia en inglés. Esta situación é especialmente relevante con respecto ás universidades de países árabes e ás universidades asiáticas.

En calquera caso, e como se indicaba anteriormente, a priorización do inglés como lingua docente non debe impedir que a Universidade de Vigo estableza outra ou outras linguas prioritarias en función dos seus intereses en cada momento, por proposta da Comisión de Internacionalización Lingüística, adaptando á súa vez as liñas de actuación seguintes á nova situación.

Defínense cinco liñas de actuación asociadas a este eixe:

- Un programa de capacitación para a docencia en lingua inglesa.
- Un procedemento gratuíto para que o profesorado da Universidade de Vigo poida acreditar a súa capacitación específica para a docencia en inglés.
- Un procedemento para a implantación de programas e materias en inglés.
- O recoñecemento e incentivos para participar en programas docentes impartidos en inglés.
- Captación de persoal docente estranxeiro para a docencia temporal noutras linguas.

Accións de capacitación do profesorado para a docencia en inglés

A docencia en inglés require dunha capacitación mínima por parte do profesorado, xa que a devandita docencia ten que desenvolverse de acordo cos mesmos estándares de calidade que o resto da docencia impartida nas linguas oficiais da Universidade de Vigo, e a lingua de interacción entre o profesorado e o estudantado ten un impacto fundamental na actividade académica.

Para acadar os niveis de capacitación axeitados inclúiranse dentro do programa de formación permanente do profesorado e do programa de formación do novo profesorado ou equivalentes un cartafol de cursos especialmente dirixidos á capacitación para a docencia en inglés e a docencia CLIL-AICLE (Content and

Language Integrated Learning-Aprendizaxe integrada de contidos e linguas estranxeiras), en colaboración co Centro de Linguas.

As características, duración, periodicidade e datas de impartición definiranse de xeito conxunto pola Área de Linguas da Universidade de Vigo e a Área de Formación e Innovación Educativa, en colaboración co Centro de Linguas, de xeito que se maximice a efectividade da citada acción formativa.

Accreditación do profesorado para a docencia en inglés

A necesidade dunha capacitación mínima para impartir docencia en inglés require dun procedemento para garantir que todo o profesorado que desexe impartir docencia en inglés estea capacitado para iso. O procedemento para a acreditación das competencias mínimas para impartir docencia en inglés terá as seguintes características:

- Estarán capacitados de xeito automático todos os membros do PDI que acrediten un nivel de inglés igual ou equivalente ao B2 do MCERL, de acordo cos criterios e equivalencias aprobados no consello de goberno do 21 de decembro de 2012. Para ser válida, a citada acreditación deberá ser obtida nos últimos tres anos.
- Acreditar ter impartido docencia en inglés nunha institución de educación superior durante polo menos dous cursos académicos consecutivos ou tres alternos.
- Os membros do PDI que non dispoñan dalgunha das devanditas acreditacións poderán realizar unha proba no Centro de Linguas que acredite unhas competencias mínimas para a docencia en inglés (HELA: Higher Education Lecturing Accreditation). O Centro de Linguas establecerá, baixo a supervisión da Área de Linguas da Universidade de Vigo, os criterios de acreditación perante unha rúbrica de avaliación que será pública. O exame será confidencial.

A Universidade de Vigo, coa colaboración do Centro de Linguas, emitiralles a todos os membros do PDI que dispoñan das acreditacións subliñadas e/ou superen a proba anterior un certificado acreditativo da súa capacitación para a docencia en inglés. Esta certificación terá unha validez de tres anos que se contarán dende o seguinte ao último no que se teña impartido docencia en inglés.

A implantación de materias en inglés

Neste apartado defínese unha estratexia para implantar materias ou titulacións en inglés nos centros da Universidade de Vigo. Esta estratexia ten en conta entre outros aspectos os recursos humanos e materiais dispoñibles, a oportunidade social e a natureza e nivel académico dos estudos impartidos. A estratexia materialízase do xeito seguinte:

- Os centros promoverán a actualización das memorias de verificación das titulacións afectadas para recoller de xeito explícito a materia ou materias que se impartirán en inglés, xunto con toda a información necesaria para xustificar a citada iniciativa.
- A Universidade de Vigo establecerá un procedemento para que os centros poidan expresar a súa vontade para establecer unha oferta académica en inglés, ben sexan materias individuais, grupos docentes nas devanditas materias ou ben titulacións completas. O procedemento establecerá, entre outros, os prazos, requisitos, compromiso mínimo de impartición e outros criterios relevantes para establecer a citada docencia. En calquera caso, primarase a implantación de liñas en inglés nas titulacións impartidas pola Universidade de Vigo, comezando no primeiro curso e cubrindo de xeito paulatino todo o programa formativo.
- Unha vez que se establezan as materias, grupos ou titulacións para impartir en inglés, os centros faranlles o encargo docente aos departamentos axeitados, e estes asignarán a docencia de xeito que se garanta que o profesorado que impartirá a docencia en inglés estea acreditado segundo o descrito no apartado anterior.
- A Universidade de Vigo promoverá as modificacións oportunas no sistema de xestión académica para ter en conta a docencia impartida en inglés, de xeito que o estudantado dispoña da citada información no momento de realizar a súa matrícula.
- A Universidade de Vigo establecerá recomendacións en canto ao nivel mínimo acreditado polo estudantado para cursar materias impartidas en inglés. Tomarase como referencia de partida o nivel B1 do MCERL.

Recoñecemento e incentivos vinculados á docencia en inglés

O recoñecemento do esforzo do profesorado que imparte docencia en inglés fundaméntase en que este ten que realizar un esforzo engadido para preparar e dispensar a devandita docencia. Porén, nos casos en que a participación tanto de profesorado como de alumnado na impartición de materias en inglés ou noutra lingua estranxeira sexa voluntaria, resulta conveniente establecer un conxunto de incentivos que faciliten a participación de ambos os colectivos.

No caso do profesorado, o recoñecemento materializarase a través dos seguintes instrumentos:

- Recoñecemento da carga docente adicional derivada da impartición do programa nunha lingua estranxeira, nos termos aprobados polo Consello de Goberno para o recoñecemento da actividade do profesorado.
- Certificación da participación en programas impartidos nunha lingua estranxeira para acreditar o profesorado.
- Acceso prioritario aos programas e convocatorias de mobilidade internacional de profesorado desenvolvidos pola Universidade de Vigo.
- Acceso prioritario ás accións do programa de formación de profesorado ou equivalentes, e mais especificamente a iniciativas de formación metodolóxica para o profesorado que trate os principios metodolóxicos do ensino en linguas estranxeiras, o ensino CLIL-AICLE, as características do ensino en tándem, a elaboración de expedientes para o profesorado, o uso do portfolio europeo, a elaboración dunha guía de traballo AICLE, ou a creación e adaptación de materiais, e a docencia en lingua inglesa.
- Acceso a asistencia instrumental no uso da lingua inglesa e a asesoramento metodolóxico.
- Inclusión como mérito específico no baremo dos procedementos de contratación de profesorado ao contar cun nivel de acreditación MCERL B2 ou superior.
- Valoración específica da docencia en linguas estranxeiras dentro do programa Docencia.
- Independentemente da participación na proba HELA referida anteriormente, a Universidade de Vigo subvencionará as taxas do primeiro exame de acreditación dun dos niveis do MCERL no Centro de Linguas da Fundación Universidade de

Vigo. A citada subvención aplicarase a calquera idioma dos acreditados polo Centro de Linguas e será necesario que o nivel desexado sexa superior ao B1 no caso do inglés.

No caso do estudantado, identifícanse os seguintes recoñecementos para incentivar a súa participación nestes programas:

- Subvención parcial das taxas do primeiro exame de acreditación dun dos niveis do MCERL no Centro de Linguas da Fundación Universidade de Vigo.
- Prioridade nas convocatorias de mobilidade internacional do alumnado nos casos de igualdade de puntuación, tras a aplicación do baremo correspondente a cada convocatoria.
- Prioridade na participación en programas de dobre titulación internacional.
- Recoñecemento da docencia bilingüe recibida no expediente académico e/ou no suplemento europeo ao título.
- Accións de apoio para a formación lingüística do alumnado, como por exemplo cursos no estranxeiro, ou cursos específicos sobre metodoloxías de aprendizaxe e de linguas estranxeiras no ámbito da súa titulación.

Captación de persoal docente estranxeiro para a docencia temporal noutras linguas

É evidente que un aspecto que cómpre considerar para valorar o atractivo internacional das universidades é a presenza de profesorado e persoal investigador de referencia e acreditada excelencia académica e científica. Estes son, á vez, fonte de prestixio e elemento de visibilidade mundial, pois abren novas portas para a presenza da Universidade de Vigo noutros espazos e á inversa. Porén, ademais de contribuír a internacionalizar o persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, a presenza de profesorado estranxeiro de excelencia nas nosas aulas pode contribuír de xeito fundamental a incrementar a calidade e o atractivo internacional da nosa oferta académica.

Por outra banda, non basta contar cunha posición competitiva no sistema universitario nacional e europeo na contratación de profesores foráneos, é necesario que a Universidade de Vigo estea provista de apoios e axudas suficientes para facilitar unha correcta integración deste colectivo na comunidade universitaria, nos nosos centros, na Escola de Posgrao e Doutoramento Internacional, etc.

En definitiva, esta liña de actuación ten dous obxectivos complementarios:

- Internacionalizar o persoal docente da Universidade de Vigo por medio da participación de profesorado estranxeiro de excelencia no posgrao.
- Incrementar a calidade e o atractivo internacional da oferta académica de posgrao coa presenza docente de profesorado estranxeiro de excelencia.

Asemade, estudarase no seo da Comisión de Internacionalización Lingüística a posibilidade de estender estes obxectivos aos últimos cursos das titulacións de grao.

Para acadar estes obxectivos, a Universidade de Vigo desenvolverá as seguintes accións:

- Fomentar e reforzar a participación da Universidade de Vigo nos programas internacionais de mobilidade docente como centro receptor, de xeito que se facilite a presenza nas nosas aulas do persoal docente dos nosos parceiros internacionais, nas condicións e períodos que establezan os devanditos programas.
- Promover a organización e desenvolvemento na Universidade de Vigo de programas académicos intensivos internacionais (Erasmus Intensive Programs, módulos Jean Monnet etc.).
- Difundir internacionalmente as convocatorias de contratación de profesorado, nos termos que regulamentariamente se establezan.
- Facilitar a acollida na Universidade de Vigo de profesorado internacional de prestixio, complementando con incentivos propios, na medida das súas posibilidades (axuda na busca de aloxamento, asignación de lugares de traballo axeitados, acceso aos servizos universitarios etc.), os recursos acadados por este profesorado nos seus lugares de orixe (programas de anos sabáticos, financiamento con cargo a programas internacionais etc.).

Eixe 3. As linguas estranxeiras na investigación e a transferencia do coñecemento

O persoal investigador e os tecnólogos e tecnólogas que desenvolven a súa actividade na Universidade de Vigo, así como o persoal en formación, deben estar preparados para afrontar situacións profesionais multilingües, polo que a universidade debe dar os pasos necesarios para garantir as súas competencias en linguas internacionais. Asemade, a

universidade debe proporcionar os servizos e infraestruturas para acadar a citada competencia. Para iso, desenvolveranse as seguintes accións:

- Prestarase especial atención por parte da Área de Linguas da Universidade de Vigo, en colaboración co Centro de Linguas, á adquisición e mellora das competencias lingüísticas do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, así como o do resto do persoal vinculado a proxectos de investigación e a transferencia do coñecemento. Para iso, promoverase a organización polo Centro de Linguas de cursos específicos con esta finalidade.
- Impulsaranse programas de revisión lingüística de textos académicos, memorias, contratos, patentes e calquera outro documento resultado da docencia, da investigación ou da transferencia do coñecemento, así como accións para mellorar as competencias en canto á exposición oral.
- Promoverase tamén a participación do persoal docente e investigador nos programas internacionais da Universidade de Vigo, como os programas Erasmus e outros programas de mobilidade xestionados desde a vicerreitoría con competencias en relacións internacionais, coa dotación de bolsas de mobilidade.
- Reforzaráselles o soporte aos grupos de investigación na tramitación da incorporación de estudantado graduado, tecnólogos e tecnólogas, e persoal investigador estranxeiro, así como de estudantado estranxeiro en prácticas no marco da normativa vixente.

Nestas medidas, primarase a participación do persoal novo e o persoal en formación.

Eixe 4. As linguas estranxeiras na administración

O crecente grao de internacionalización da Universidade de Vigo, tanto na docencia como na investigación, fai necesario un axeitado grao de plurilingüismo no seu persoal de administración e servizos. A universidade debe garantir o plurilingüismo na administración universitaria e proporcionar os servizos e infraestruturas necesarios para acadalo. Con este obxectivo, desenvolveranse as seguintes accións:

- Prestarase especial atención por parte do servizo de persoal de administración e servizos á adquisición e mellora das competencias lingüísticas do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo. Para iso, impulsaranse desde o servizo de formación do PAS, en colaboración co Centro de Linguas,

programas de formación en linguas modernas do persoal de administración e servizos, especialmente do persoal de contacto coa comunidade estranxeira da Universidade de Vigo.

- Facilitarase tamén desde a vicerreitoría con competencias en relacións internacionais, en colaboración co servizo de formación do PAS e cos propios servizos, apoio para mellorar a comunicación oral en inglés do persoal de administración e servizos. Para iso, promoverase a captación de estudiantado estranxeiro en prácticas e de persoal de administración e servizos dos nosos parceiros internacionais cun nivel axeitado de inglés para desenvolver funcións de apoio nos distintos servizos da Universidade de Vigo, e a dotación de bolsas de asistencia lingüística e conversación a alumnado estranxeiro.
- Impulsarase a dotación de bolsas de mobilidade para o persoal de administración e servizos, que permita promover a súa participación nos programas internacionais da Universidade de Vigo, como os programas Erasmus e outros programas de mobilidade xestionados desde a vicerreitoría con competencias en relacións internacionais.

Eixe 5. A comunicación interna e externa

A percepción da sociedade sobre a identidade corporativa da nosa universidade vén en parte determinada polo uso que se fai das linguas, tanto propias como estranxeiras, dentro da propia institución. Os e as estudantes, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos estranxeiros teñen dereito a unha información accesible, polo que se debe garantir a cantidade e calidade da información sobre e da institución dispoñible noutras linguas. Uns servizos lingüísticos de calidade son un medio para garantir a calidade do perfil da universidade e da súa comunicación externa. As accións previstas neste eido son:

- Promoverase a presenza multilingüe da Universidade de Vigo e dos seus centros e servizos nas distintas plataformas de comunicación e difusión electrónica. Desenvolverase a versión integral do portal web institucional da Universidade de Vigo noutras linguas, agás o galego e o castelán, polo menos en inglés.
- Garantirase unha competencia lingüística multilingüe suficiente, como mínimo en inglés, do persoal encargado das tarefas de comunicación na universidade.

- Porase a disposición de toda a comunidade universitaria e dos nosos parceiros internacionais de versións noutras linguas, polo menos en inglés, de todos os documentos, impresos e demais material en soporte papel da Universidade de Vigo que teñan relevancia internacional.
- Promoverase a publicación dun resumo noutras linguas, polo menos en inglés, das novas publicadas no DUVI. O citado resumo distribuirase internacionalmente cos procedementos usuais de sindicación de contidos ou equivalentes entre os subscritores e subscritoras que o desexen.

Seguimento, desenvolvemento e avaliación do plan

A Comisión de Internacionalización Lingüística ten encomendada a función de levar adiante o desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo en coherencia coas súas funcións específicas.

O desenvolvemento e seguimento das medidas contidas no Plan farase operativamente por medio de fichas específicas en cada unha das accións, nas que se especificará a denominación, descrición, obxectivo, responsabilidade, poboación destinataria, recursos e a referencia temporal. Ademais a ficha debe facilitar a recollida de información nun apartado de observacións e de propostas de mellora. Paralelamente, definiranse indicadores de realización, de proceso e de resultados nas accións ou nos obxectivos operativos que tamén se poden incluír nas fichas.